



Resolución da Dirección do IES Perdouro pola que se convocan axudas de mobilidade Erasmus+, e se regula o procedemento interno de selección e de adxudicación, para o alumnado de ciclos formativos de grao medio deste centro educativo, co fin de realizar o módulo de Formación en Centros de Traballo (FCT) en empresas ou outras institucións de acollida do estranxeiro no período ordinario, entre os meses de abril e xuño de 2025

María José Pardiñas Suárez, directora do IES Perdouro, con código de centro 27013934,

CONSIDERANDO:

1. Que o Plan Erasmus (Plan de Internacionalización) do IES Perdouro establece como unha das súas liñas prioritarias a de fomentar as mobilidades no estranxeiro para o alumnado e o persoal de Formación Profesional.
2. Que o IES Perdouro forma parte do consorcio de mobilidade, promovido pola Dirección Xeral de Formación Profesional como institución organizadora e coordinadora, que desenvolverá un proxecto KA121 no marco do programa Erasmus+, con número de proxecto 2023-1-ES01-KA121-VET-000147461.
3. Que con data 10 de setembro de 2024 se publicou a **Resolución da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan axudas de mobilidade para o alumnado e o persoal de ciclos formativos de grao medio e FP básica de centros educativos públicos que imparten formación profesional e que forman parte do consorcio de mobilidade que desenvolverá un proxecto KA121 con múltiples beneficiarios no marco do programa Erasmus+ (Proxecto 2023-1-ES01-KA121-VET-000147461.)**
4. Que, consonte o disposto pola dita resolución da Consellería, resulta necesario regular o procedemento interno do centro educativo para a selección do alumnado solicitante, así como para a adxudicación das axudas e para a organización das mobilidades.

RESOLVE:

1. Obxecto

A presente resolución ten por obxecto desenvolver o procedemento para a solicitude e a selección do alumnado do IES Perdouro co fin de concorrer ás axudas de mobilidade Erasmus+ destinadas a realizar no estranxeiro o módulo de Formación en Centros de Traballo (FCT) dos ciclos formativos de grao medio, entre os meses de abril e xuño de 2025.

O IES Perdouro xestiona estas axudas como membro do consorcio de mobilidades promovido pola Dirección Xeral de F.P. para o desenvolvemento do Proxecto Erasmus+ con número **2023-1-ES01-KA121-VET-000147461**



2. Requisitos para participar no programa de mobilidade Erasmus

(Segundo o Artigo 2 da Resolución do 10/09/2024)

1. Poderá concorrer a esta convocatoria o alumnado do IES Perdouro que estea cursando o segundo ano dos ciclos formativos de grao medio durante o curso 2024-2025.
2. Non poderá ter a condición de beneficiario das axudas previstas nesta resolución o alumnado e o persoal que incorra nalgunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. A persoa solicitante debe cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario/a de acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma segundo indica o artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

3. Contías e criterios de distribución das axudas de mobilidade

A data de finalización das movilidades non poderá ser posterior á data de finalización do proxecto, isto é, o 31 de maio de 2025.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades resolverá segundo as propostas dos centros ata esgotar o número de prazas concedidas no proxecto.

Os importes das axudas por mes varían segundo o país no que se realizan as mobilidades e o tipo de mobilidade realizada. Os importes aprobados por país e modalidade polo Programa Erasmus+ (convocatoria 2020) son os que figuran na seguinte táboa:

	Países de destino/Manutención	Apoio individual por día (do 1 ao 14)	Apoio individual por día (do 15 ao 365)
Grupo 1	Noruega, Dinamarca, Luxemburgo, Islandia, Suecia, Irlanda, Finlandia, Liechtenstein Terceiros países non asociados ao programa Erasmus+ do grupo 1	66 €	46 €
Grupo 2	Países Baixos, Austria, Bélxica, Francia, Alemaña, Italia, España, Chipre, Grecia, Malta, Portugal Terceiros países non asociados ao programa Erasmus+ do grupo 2	57 €	40 €
Grupo 3	Eslovenia, Estonia, Letonia, Croacia, Eslovaquia, Chequia, Lituania, Turquía, Hungría, Polonia, Romanía, Bulgaria, Macedonia do Norte, Serbia Terceiros países non asociados ao programa Erasmus+ do grupo 3	48 €	34 €



Países non asociados ao programa Erasmus+:

Países non asociados do grupo 1: Xapón, Israel, Corea do Sur, Xeorxia, Arxentina, Armenia, Angola, Arabia Saudita, Kuwait, Estados Unidos, Reino Unido, Suíza, Bahrein, Acerbaixán, Sudán, San Cristóbal e Neves, San Vicente e as Granadinas, Emiratos Árabes Unidos, Hong Kong, Líbano, Vietnam, México, Taiwán, Moldavia, Malaisia, Tanzania, Canadá, Singapur, Australia, Tailandia, Illas Feroe.

Países non asociados do grupo 2: India, Casaquistán, Brasil, República Democrática do Congo, Chile, Nixeria, Uganda, Liberia, Xibutí, República Popular Democrática de Corea, Usbequistán, Turcomenistán, República Dominicana, Xamaica, Bielorrusia, Libia, Siria, Cuba, Iemen, Quenia, Ruanda, Seychelles, Antigua e Barbuda, Brunei, Montenegro, Malauí, Barbados, Santa Lucía, Granada, Dominica, Uruguai, Albania, China, Filipinas, Perú, Venezuela, Panamá, Ghana, Chad, Güiana, Exipto, Marrocos, Kiribati, Omán, Bosnia e Hercegovina, Irán, Mozambique, Senegal, Mauricio, Qatar, Andorra, Xordania, Indonesia, Laos, Sudáfrica, Etiopía, Bangladesh, Ecuador, Paraguai, Costa Rica, Costa do Marfil, Serra Leona, Gabón, Haití, Bahamas, Papúa Nova Guinea, Micronesia, Ucraína, Kirguizistán, Rusia, Mónaco, San Mariño, Palestina, Estado da Cidade do Vaticano.

Países non asociados do grupo 3: Nepal, Maldivas, Taxiquistán, Nicaragua, Zambia, Guinea, Congo, Botsuana, Belice, Samoa, Illas Marshall, Palaus, Tuvalu, Nauru, Illas Cook, Niue, Nova Zelandia, Paquistán, **Bután**, O Salvador, Suriname, Guatemala, Honduras, Somalia, Trindade e Tobago, Alxeria, Colombia, Gambia, Fiyi, Illas Salomón, Vanuatu, Cambodia, Zimbabue, Burundi, Mongolia, Camerún, Timor Oriental, Sri Lanka, Madagascar, Mali, Togo, San Tomé e Príncipe, Tonga, Bolivia, Benín, Lesoto, Macao, Tunisia, Iraq, Burkina Faso, Guinea Ecuatorial, República Centroafricana, Guinea-Bisáu, Namibia, Comoras, Eritrea, Myanmar/Birmania, Afganistán, Níxer, Mauritania, Cabo Verde, Kosovo, Esuatini, Sudán do Sur.

O número de días da mobilidade para o cómputo será igual ao número de días de actividade na organización de acollida máis os días de viaxe.

Se o número de candidatos seleccionados polo/s centro/s esgota o número de prazas concedidas no proxecto, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades poderá establecer un número máximo de prazas para cada centro.

4. Importe que corresponde para viaxe por distancia ao país de acollida.

A táboa seguinte indica os importes das axudas para contribución aos custos de viaxe dos participantes desde o seu lugar de orixe ata o lugar onde se desenvolva a actividade (ida e volta).



*Distancia	Importe
Entre 10 e 99 km	23 €
Entre 100 e 499 km	180 €
Entre 500 e 1.999 km	275 €
Entre 2.000 e 2.999 km	360 €
Entre 3.000 e 3.999 km	530 €
Entre 4.000 e 7.999 km	820 €
8.000 km ou máis	1.500 €

No caso de empregar medios de transporte ecolóxicos (autobús, tren, coche compartido, etc.) durante o tramo principal da viaxe tanto na ida como na volta, os importes serán os seguintes:

*Distancia	Importe
Entre 10 e 99 km	23 €
Entre 100 e 499 km	210 €
Entre 500 e 1.999 km	320 €
Entre 2.000 e 2.999 km	410 €
Entre 3.000 e 3.999 km	610 €
Entre 4.000 e 7.999 km	820 €
8.000 km ou máis	1.500 €

As distancias das viaxes deben calcularse utilizando a calculadora de distancias proposta pola Comisión Europea. O solicitante debe indicar a distancia do percorrido nun só sentido para calcular o importe da axuda da UE que cubrirá a ida e a volta.

Calculadora de distancias da Comisión Europea:

<https://erasmus-plus.ec.europa.eu/resources-and-tools/distance-calculator>

5. Comisión avaliadora do IES Perdouro

A selección das persoas candidatas será realizada por unha comisión avaliadora que estará integrada por:

Presidenta:	María José Pardiñas Suárez (Directora)
Vogais:	Antonio Galdo López (Xefe de Estudos) Carmen Pena Paz (Secretaria do centro) Ismael Denís Gutiérrez Taboada (Coordinador de Programas Internacionais)
Secretario:	Ismael Castiñeira Veiga (titor do segundo curso do ciclo de Instalacións de Telecomunicacións)



6. Criterios de selección do alumnado candidato

1. *Expediente académico* (máximo 4 puntos). Terase en conta a nota media obtida polo/a estudante no primeiro curso do ciclo formativo.

- Se a nota media é de 6 ou menos: 1 punto.
- Se a nota media é de máis de 6 e menos de 7: 2 puntos.
- Se a nota media é máis de 7 e menos de 9: 3 puntos.
- Se a nota media é igual ou superior a 9: 4 puntos

2. *Coñecemento do idioma do país de destino ou do idioma de traballo* (máximo 4 puntos).

- Certificación de nivel B1: 1 punto
- Certificación de nivel B2: 2 puntos
- Certificación de nivel C1: 3 puntos
- Certificación de nivel C2: 4 puntos

3. *Competencias persoais e actitudes* (máximo 4 puntos).

O comité de selección considerará para este criterio a valoración das actitudes e comportamento do alumnado, tendo en conta as opinións e a información dada por aqueles que ensinen ao estudante en particular, dando máis puntos a aqueles alumnos/as considerados/as baixo este criterio máis adecuados para formar parte destas mobilidades.

Este informe de madurez, actitude e responsabilidade constará de cinco criterios a valorar, que puntuarán de 0 a 4 cada un deles:

- Cumprimento das normas do centro
- Asistencia e puntualidade
- Trato respectuoso aos compañeiros, profesores e persoal do centro
- Actitude resolutiva, iniciativa persoal e traballo en equipo
- Orde e coidado do material escolar

A cualificación obterase calculando a media aritmética das puntuacións dos cinco criterios.

Para poder ser seleccionado/a, o alumno/a deberá obter:

- Unha puntuación mínima de 3 puntos en cada un dos tres primeiros criterios
- Unha puntuación mínima de 2,5 puntos na cualificación resultante deste apartado de competencias persoais e actitudes (media aritmética).

4. *Persoas participantes con menos oportunidades* (máximo 2 puntos)

Valorarase a aquelas persoas solicitantes que por motivos económicos, sociais, culturais, xeográficos ou de saúde, porla súa orixe inmigrante, ou por razón tales como a discapacidade ou as dificultades de aprendizaxe, ou por calquera outra razón, en particular as que poderían orixinar unha discriminación, enfróntanse a obstáculos que lle impidan acceder de maneira efectiva ás oportunidades que ofrece Erasmus+.



5. Criterios de desempate.

No caso de empate nos méritos darase prioridade, pola seguinte orde:

5.1 Aos estudantes con menos oportunidades.

5.2 Aos estudantes que nunca participaran nas mobilidades do Programa Erasmus+.

7. Presentación de solicitudes. Prazo e documentación.

O alumnado interesado deberá formalizar a súa solicitude por escrito no prazo comprendido entre os días **12 e 19 de novembro de 2024**, ambos incluídos, presentando na secretaría do IES Perdouro a seguinte **documentación**:

1. Formulario de solicitude, segundo o Anexo II da Resolución do 10/09/2024
2. Fotocopia do DNI, NIE ou outro documento oficial de identificación.
3. Certificado da conta bancaria de titularidade do/a solicitante.
4. Certificacións de competencias lingüísticas aportadas con respecto á lingua do país de destino ou da lingua de traballo.
5. Curriculum Vitae EUROPASS. Inclúranse fotocopias acreditativas dos diplomas, cursos ou experiencia profesional.

8. Procedemento de selección e de resolución

Unha vez finalizado o prazo de solicitude, o proceso de selección do alumnado continuará de conformidade co seguinte calendario de actuacións:

Datas	Actuación
Do 12 ao 19 de novembro, incluídos	Prazo de solicitude
21 de novembro	Reunión da comisión avaliadora e publicación da listaxe provisional de alumnado seleccionado e excluído, por orde de prelación, indicando a puntuación e a causa de exclusión, se fose o caso. Publicarase no taboleiro de anuncios do centro.
Do 22 ao 27 de novembro de 2024	Prazo de catro días hábiles, contados a partir da publicación da listaxe provisional, para a presentación de reclamacións por parte dos/as solicitantes.
28 de novembro	Publicación da listaxe definitiva de solicitantes seleccionados e excluídos, no taboleiro de anuncios do centro.
(Nas semanas seguintes)	A Dirección do IES Perdouro comunica á Dirección Xeral de Formación Profesional a listaxe de solicitantes priorizada e solicítalle a adxudicación das bolsas de mobilidade. A Dirección Xeral de F.P. resolve a adxudicación de bolsas Erasmus comunicando á Dirección do IES Perdouro a relación de alumnado beneficiario



O feito de que unha persoa solicitante apareza na relación de solicitudes admitidas significa que cumpre as condicións requiridas para participar no proceso de adxudicación de bolsas Erasmus+ (número de bolsas limitado) que se levará a cabo na Dirección Xeral de F.P. para todos os centros que forman parte do consorcio, pero non supón en ningún caso a garantía de recibir a bolsa nin de realizar a mobilidade.

A adxudicación definitiva da praza de mobilidade e da bolsa Erasmus será efectiva unha vez se produza a aceptación do/a solicitante por parte dun centro de traballo de destino e se teña elaborada e asinada a documentación legal requirida (Convenio de subvención Erasmus, Convenio de FCT e Acordo de Aprendizaxe Erasmus+). A mobilidade e a propia realización do módulo de FCT no estranxeiro tamén deberán contar coa autorización do servizo de Inspección Educativa e da Dirección Xeral de F.P. (Orde do 24 de maio de 2005, DOG 13 de xuño de 2005).

9. Organización das mobilidades unha vez adxudicadas a bolsas Erasmus pola Dirección Xeral de F.P.

Despois de ser publicada a lista definitiva de selección e coñecida a adxudicación de prazas por parte da Dirección Xeral de F.P., o Equipo de Programas Internacionais do IES Perdouro iniciará as xestións encamiñadas a seleccionar e asignar a cada un dos alumnos/as beneficiarios un socio de acollida adecuado ao seu perfil e ás preferencias manifestadas polo propio alumno/a, obxectivo que se logrará sempre que se reúnan as seguintes circunstancias:

- O Equipo de Programas Internacionais logra obter a colaboración de un ou máis socios de acollida adecuados ao perfil e preferencias do alumno/a.
- O alumno/a acepta algún dos socios de acollida que o Equipo de Programas Internacionais lle propón.
- O socio ou socios de acollida, en virtude dos seus propios requirimentos ou condicións (dominio do idioma, expediente académico, entrevista persoal, perfil do alumno/a, etc.) admiten o alumno/a.

No caso de que fracasaran unha ou máis das tres condicións anteriores, facéndose inviable o obxectivo de establecer unha asignación entre socio de acollida e alumno/a, levantarase acta e adxudicase a mobilidade ao seguinte alumno/a da lista de selección.

Na medida en que se vaian pechando as asignacións de socios de acollida ao alumnado beneficiario e con anterioridade ao inicio das mobilidades, deberase redactar e asinar a seguinte documentación legal:

- Convenio de subvención Erasmus+, asinado pola dirección do centro e polo alumno/a beneficiario/a.
- Acordo de Aprendizaxe Erasmus+ (Learning Agreement), asinado pola institución de acollida, pola dirección do centro e polo alumno/a.
- Convenio de FCT, asinado pola dirección do centro e pola institución de acollida.
- Autorización da mobilidade por parte do servizo de Inspección Educativa e da Dirección Xeral de F.P.

O alumnado beneficiario será convocado para asinar os dous primeiros dos anteriores documentos, establecéndose un prazo de tres días hábiles. No caso de non presentarse



dentro do prazo ou de ser rexeitada a sinatura polo/a estudante, este/a quedará excluído/a da lista de selección e a praza seralle adxudicada a outra persoa.

No caso de fracasar a sinatura de algún dos documentos por causas imputables aos socios de acollida ou por non ser autorizada a mobilidade pola administración educativa, a Dirección do IES Perdouro adoptará a resolución máis conveniente e viable en función do tempo dispoñible e doutras circunstancias dignas de considerar.

Renuncias. No caso de que, por motivos xustificados, un/unha beneficiario/a non poida levar a cabo a mobilidade para a que ten concedida unha axuda, este/a deberá presentar no centro educativo un escrito de renuncia. Se o/a beneficiario/a tivera percibido un anticipo da axuda deberá reintegralo de acordo co procedemento que se recolle no Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, que se lle comunicará por escrito cando se resolva a aceptación da renuncia.



10. Pagamento das axudas ao alumnado (Extracto do Art. 16 da Resolución do 10/09/2024)

1. As axudas faranse efectivas directamente ao alumnado beneficiario, en dous pagamentos, a través da conta bancaria indicada para tal efecto no certificado de titularidade bancaria aportado.

2. O primeiro pagamento, dun 80% da axuda concedida, realizarase antes do inicio da mobilidade. Para que este se poida tramitar, o centro educativo deberá enviar á Dirección Xeral de Formación Profesional cunha antelación mínima de 10 días hábiles con respecto ao inicio da mobilidade.:

- O convenio de subvención Erasmus+ (Anexo VIII) asinado dixitalmente por todas a partes ou copia compulsada dixitalmente pola persoa directora do centro.
- O acordo de aprendizaxe (Anexo IX) asinado dixitalmente por todas a partes ou copia compulsada dixitalmente pola persoa directora do centro.

3. Para o segundo pagamento, do 20% restante, será necesario que:

- O centro educativo envíe á Dirección Xeral de Formación Profesional copia compulsada dixitalmente pola persoa directora do centro, do complemento ao acordo de aprendizaxe (Anexo X) asinado pola persoa beneficiaria, o centro educativo e a organización de acollida.

Este complemento emitirase unha vez realizada a actividade de mobilidade e permitirá confirmar que dita actividade desenvolveuse segundo o acordado.

- A persoa beneficiaria cubra e envíe en liña o cuestionario UE (EU Survey) nos 30 días posteriores ao remate da mobilidade, de acordo co establecido no Programa Erasmus+.
- No caso de viaxe ecolóxica, será preciso que o centro educativo envíe á Dirección Xeral de Formación Profesional copia compulsada dixitalmente pola persoa directora do centro, da correspondente declaración xurada (Anexo XI) asinada pola persoa beneficiaria.

Dito pagamento realizarase nos 45 días naturais posteriores ao envío en liña do cuestionario UE.

4. No caso de que o cómputo de días da mobilidade declarado no complemento ao acordo de aprendizaxe fose inferior ao da axuda concedida, o pago do 20% restante minorarase proporcionalmente. Se isto non fose suficiente, solicitarase a devolución da parte proporcional do primeiro pagamento.



A estes efectos, unicamente serán computables os días da mobilidade comprendidos entre a data de adxudicación e a data de finalización do proxecto.

11. Lexislación aplicable

Resolución da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan axudas de mobilidade para o alumnado e o persoal de ciclos formativos de Grao Medio e FP Básica de centros educativos públicos que imparten Formación Profesional e que forman parte do Consorcio de Mobilidade que desenvolverá un Proxecto KA 121 con múltiples beneficiarios no marco do Programa Erasmus+. Proxecto 2023-1-ES01-KA121-VET-000147461.

Orde do 24 de maio de 2005 pola que se regula o desenvolvemento de estadias formativas en empresas ou institucións situadas fóra do Estado español destinadas ao alumnado que cursa ensinanzas non universitarias en centros autorizados da Comunidade Autónoma de Galicia, así como o desenvolvemento de estadias de formación práctica en empresas ou institucións situadas en Galicia, destinadas ao alumnado procedente doutros Estados. (DOG 13/05/2005)

Orde do 28 de febreiro de 2007 pola que se regula o módulo profesional de formación en centros de traballo da formación profesional inicial, para o alumnado matriculado en centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 08/03/2007)

Burela, a 11 de novembro de 2024

A Directora,

María José Pardiñas Suárez

